

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO TERRAS DE SANTIAGO

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2026

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra, D^a M^a Guarina Rey Vázquez, presidenta da **Asociación Terras de Compostela**, con CIF G-70.181.557 e domicilio en Lugar de Cibrán nº4, San Xulián de Sales, Vedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.—Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación Terras de Compostela agrupa o territorio dos concellos de Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Teo, Val do Dubra, Vedra e Santiago de Compostela.

Que o xeodestino Terras de Santiago está composto polo territorio dos concellos de Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Padrón, Rois, Santa Comba, Teo, Val do Dubra e Vedra.

Non obstante, na Asociación Terras de Compostela son conscientes de que a marca turística que debe ser promocionada é a correspondente ao ámbito territorial do xeodestino Terras de Santiago, polo que todos os concellos que integran o xeodestino serán beneficiarios do obxecto do convenio.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Terras de Santiago as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase, ademais, no eido competencial da Axencia de Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos

turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente na medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiarase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

Quinto.- Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser a Asociación Terras de Compostela a entidade representante do xeodestino Terras de Santiago que pode executar as actividades obxecto deste convenio.

En consideración ao anteriormente exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

1. É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Terras de Compostela para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Terras de Santiago.
2. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbidas, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que

se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A realización de actividades ten que seguir as seguintes liñas de actuación:

LIÑA DE ACTUACIÓN A. PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO
LIÑA DE ACTUACIÓN B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO
LIÑA DE ACTUACIÓN C. FORMACIÓN
LIÑA DE ACTUACIÓN D. NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO TURISMO
LIÑA DE ACTUACIÓN E. SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE AOS RECURSOS TURÍSTICOS

3. Non se consideraran gastos subvencionables:

- Insercións publicitarias, anuncios, publrreportaxes ou similares nos medios de comunicación do ámbito territorial do xeodestino, provincial ou autonómico.
- Os gastos de viaxes, aloxamento, axudas de custo e conceptos similares dos representantes do ente xestor do xeodestino ou dos concellos integrantes agás os do persoal técnico responsable, cunha contía máxima de 1.500€ en total.
- Gastos ordinarios ou de funcionamento do xeodestino (incluídas nóminas do persoal).

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución da totalidade das liñas de actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a **trinta e cinco mil novecentos euros (35.900,00€)** que se distribúen do seguinte xeito:

		ORZAMENTO	MÁXIMO ATG	ENTIDADE BENEFICIARIA
LIÑA DE ACTUACIÓN B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO				
Actividade B.1	Coordinación, organización e execución do Programa de Experiencias de ecoturismo, benestar e tradición no Xeodestino Terras de Santiago.	29.524,00€	23.619,20€	5.904,80€
Actividade B.2	Promoción e difusión do xeodestino Terras de Santiago	7.976,00€	6.380,80€	1.595,20€
TOTAL		37.500,00€	30.000,00€	7.500,00€

A Axencia de Turismo de Galicia financiará a **contía máxima do 80%** referida a cada unha das actividades de cada liña de actuación, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A Asociación Terras de Compostela levará a cabo unha achega de, polo menos, o 20% referida a cada unha das actividades de cada liña de actuación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actividades obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, sempre que ditas variacións non excedan do **10%** entre actividades de distintas liñas de actuación ou o **25%** entre actividades da mesma liña de actuación, cando, previa autorización, obedezan a razóns xustificadas e as actividades que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.- Compromisos das partes.

1. A Asociación Terras de Compostela queda obrigada á realización do obxecto do presente convenio, e a realizar todo o necesario para que as actividades de cada unha das liñas de actuación do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente.

Comprometéndose a:

- Desenvolver as actividades de cada unha das liñas de actuación recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para cada actividade que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír tanto o logo da **Xunta de Galicia** como a marca **Xacobeo 27** de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca **Xacobeo 2027** e a marca **"Galicia Calidade"**. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Achegar unha declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE). No suposto de que o IVE soportado sexa deducible, deberá presentar xunto coa presente declaración responsable o modelo 390 (Resumo anual do IVE do exercicio anterior).
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Solicitar e obter os permisos e as autorizacións sectoriais pertinentes necesarias ante outros organismos ou administracións públicas, así como axustarse ás condicións establecidas nos devanditos permisos e autorizacións.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actividades das diferentes liñas de actuación previstas a través da concesión dunha subvención **por importe máximo de trinta mil euros (30.000,00€).**

Cuarta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais, salvo que se trate de actuacións financiadas de xeito total ou parcial no marco do programa LEADER.

En ningún caso o importe das subvencións ás que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custo da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actividades subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia.

Sexta.- Xustificación e pagamento.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actividades xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado

anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do proveedor.

c) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

e) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

g) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados de estes.

h) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

i) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio, segundo o punto 1 da cláusula terceira deste convenio.

Por outro lado, a Asociación Terras de Compostela deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a

concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

4. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actividades acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2026**.

5. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **19 de novembro de 2026**.

8. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan

fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a asociación para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Asociación Terras de Compostela será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actividades subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto deste convenio por un importe máximo do 50% da subvención concedida, e sen que

se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 63.1 Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a entidade beneficiaria terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos á conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das actividades realizadas. A suma dos pagamentos á conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para proceder ao seu pagamento, a entidade beneficiaria deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento á conta ata o límite do 80% referido.

Os pagos á conta e os pagos anticipados deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas á conta ou das cantidades anticipadas.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas prevista no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución das actividades subvencionadas antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte a todas ou algunhas das actividades que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo segunda.- Modificacións do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de

Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante), comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro

regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sexta.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Protección de datos.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de

outubro, de réxime xurídico do sector público, e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Asociación ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo oitava.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Asociación Terras de Compostela

José Manuel Merelles Remy

M^a Guarina Rey Vázquez